



O FARELO

Nº 54

Xuño de 2021
Prezo: 2 euros

XORNAL CULTURAL PARA O LECER

Lorena Conde
Martínez, premio
de Poesía Cidade
de Ourense



Páxina VI

“Un camiño
imaxinado”
comezou
no Pereiro
de Aguiar



Páxina X

Xunta e Nogueira
de Ramuín
apostan pola
recuperación
de soutos



Páxina XI

Allariz estrea
Aula do Saber e
novo estudo de
gravación na Casa
da Mocidade



Páxina XI

As Nogais,
Becerreá, Baralla
e O Corgo queren
recuperar o
itinerario
medieval a
Compostela



Páxina XIV

Expourense
presentou en
FITUR Xantar e
Termatalia



Páxina XV



Ribeira Sacra na recta final para a súa declaración como Reserva da Biosfera

Páxina XII

Entrevista



José Carlos Bermejo Barrera, historiador

“O mundo das reliquias é
un mundo relacionado coas
lendas case sempre”

Páxina VI

Nós, a Xente do Redor

Subscríbete en
Tlf. 988 60 70 75
Tlf. 672 435 891



A partires do 20 de Xuño
lámina de “Maite Vázquez”
de agasallo co número 4



Opinión

O Mapamundi

Por Roberto Mansilla Blanco

De Ceuta a Gaza

A contorna mediterránea, de Ceuta a Gaza, está alterada. O drama migratorio é imparable, e agora é moeda de cambio para escuros intereses xeopolíticos.

En Gaza vivíuse un novo episodio de violencia de ida e volta, que poderíamos cualificar de "calculada", entre o Exército israelí e o movemento islamita Hamás.

No medio, a poboación civil, en fogo cruzado, pagando os intereses dos "falcons" de tódolos bandos. Un pulso, unha medición de forzas entre España e Marrocos, entre Israel e Hamas, no que o carácter xeopolítico táctico imponse por riba da diplomacia.

En perspectiva, a desfeita mediterránea pon en colación dous problemas estruturais sen resolución. O primeiro, o interminable drama migratorio. O segundo, dun xeito inesperado, a revitalización, cando menos da atención política e informativa, das problemáticas palestina e

saharauí, que buscan a súa autodeterminación, reprimida por países como Israel e Marrocos, socios estratéxicos de Occidente, en particular de EE.UU.

Alén da crise diplomática entre Madrid e Rabat e da escasa vontade para acadar un acordo de paz en Oriente Próximo, estes problemas persistirán sen visos de aclararse algunha solución satisfactoria e de consensos. O que persiste é a medición de forzas, o aventurerismo político para "golpear" ao rival, non para sentarse a solucionar un problema que é de todos.

Esvaecidos os ecos daquelas esperanzas democratizadoras da Primavera árabe, o que impera agora é o caos mediterráneo. Vexan Libia e Siria, desfeitas política e territorialmente, onde as grandes potencias que debían solucionar estes problemas (EE.UU, Rusia, Europa, Turquía, Arabia Saudita, Exipto, Qatar, entre outros) entraron mais ben a saciar os seus intereses xeopolíticos, medidos en manter esferas de influencia que, no caso libio como tamén colateralmente no saharauí, sérvense tamén dos intereses enerxéticos.

No caso ceutí, Marrocos xa sabe como irritar ao seu veciño español insinuando a "arma migratoria". E faino a sabendas

de que os intereses exteriores tampouco axudan a buscar consensos diplomáticos. Washington mantén a Marrocos como socio estratéxico, incluso "borrando do mapa" o territorio saharauí, tal e como fixoo o embaixador estadounidense en Rabat en decembro pasado. Esta prioridade estratéxica aumenta ante os recentes achegamentos entre o reino alauita e o Estado de Israel, que poden levar ao recoñecemento diplomático mutuo. Mentres Rabat sepulta a causa saharauí ante a inoperancia diplomática española, Tel Aviv neutraliza calquera insinuación de recuperación da causa palestina. Xeopolítica pura e dura.

De Ceuta a Gaza, a diplomacia europea e o multilateralismo brillan tamén pola súa ausencia. Non teñen peso realmente decisivo. Neste século XXI que xa pasou a súa maioría de idade, voltamos ao sistema de balanza de poder de finais do século XIX. Mais ou menos cos mesmos actores, con outros novos entrando na escena, pero todos cos seus respectivos intereses espúreos na mesa.



MARTIRENA



Por Ramón Coira Luaces

As batallas da Mesa

A Mesa Pola Normalización Lingüística deu moitas batallas, unhas con éxito como os tiróns de orellas da ONU e do Consello de Europa á Xunta e ao Estado español, polo incumprimento grave dos dereitos lingüísticos da cidadanía galega, porén que apenas -ou nada- foi difundido polos medios de comunicación refractarios ao galego. Ou como a iniciativa "Xabarín", recentemente aprobada no Parlamento galego por unanimidade, para que

a TVG emita programación infantil en galego, para que a Xunta propicie que as plataformas dixitais de televisión emitan contidos en galego (como xa se fai noutras nacións do Estado con lingua de seu) e para que poidamos recibir en Galiza as emisoras de radio e televisión portuguesas. Porén a Mesa deu moitas máis batallas a prol da nosa lingua e do noso dereito colectivo a vivirmos en galego, con maior ou menor éxito: en defensa da nosa toponi-

mia legal, da etiquetaxe en galego e das relacións comerciais en galego,... Son un socio orgulloso da Mesa pola Normaliza-

ción Lingüística, que forma parte da Plataforma "Queremos Galego" e que conta cun importante apoio popular e o de numerosas forzas políticas e sindicais de Galiza. Co noso idioma podemos descubrir -e incluso enriquecer- o valioso tesouro da nosa cultura. Difundila e coñecela é un dereito que vos animo a exercer. E remato desexando o mesmo que Cunqueiro: Mil primaveras máis para o galego e para a cultura de noso!



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T. 658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com
Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
36860 PONTEAREAS - GALIZA - T. 986 64 12 69
redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Departamento propio e axencias
publicidade@novasdoeixoatlantico.com
Fotografía: Hernández e departamento propio
Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:

GALIZA: Montserrat Rodríguez – Porto Ucha – Raquel Vázquez – C. Méixome – M. Xiraldez – Pérez Lema – X. Glez. Mtnéz. – M. Bragado – B. Iglesias (Mero) – Nemesio Barxa – Andrea Goro – Anxo Mena – I. Otero Varela – Susi Rodríguez – Jesús Témez Fernández – Isidoro Gracia – Rafael José Adalid – Laura de Cáceres – Kiko Neves – Ramón Mariño – Manuel Estévez – **PAIS BASCO:** Nicolás Xamardo – **CANARIAS:** Fco. Puñal
Fotografía: Dpto. Propio.
Humor: Tokio, Martirena – Pepe Carreiro – X. Marín – Xosé Manuel Fernández Montes (Hermanager Produccións) – Ignacio Hortas – Francisco Puñal – Felix Ronda – Fuco Prado – Sex – Ortifus (España) – Omar Pérez (Galicia) – Mauricio Parra (Colombia) – Cébula (Polonia) – J.Bosco e Fernández (Brasil) – Marlene – Pohle (Arxentina) – Guy Badeaux (Canadá).



Xornal Cultural
para o Lecer

Depósito legal: VG-14/2017

Por Baldomero Iglesias Dobbarrio, Mero

De Madrid ao inferno, só un paso!

Por veces penso que os medios de comunicación perden referencias e ousan pisar onde non deben. O peor sempre serán as consecuencias. E así, o diario de maior tirada de Galiza puxo en 1ª páxina unha regalía de aconteceres sucedidos en Madrid na xa enfurecida realidade. Como se o sistema de esfolarse tivese tal carácter impactante. Nin cando se producen as eleccións aquí, fan ese alarde distinguido na meseta. O mundo está cuberto de néboas e ninguén espanta dos perigos, das urxencias, das coitas que precisan corrixir o seu erro, sobre todo a violencia que se xera na divulgación da mesma violencia, nesa espiral que sabemos é síntoma preocupante de involución e multiplicador de efectos en obscenas escenas de maltrato ou na falta de respecto. Os medios de comunicación deben ser espello que reflecta a realidade, si, é certo, mais ás veces, espellan o que queren que se espelle e reflecten un anaco -nada máis- desa realidade. Parcialidades que ocultan

intencionadamente aquilo que non vende ou que non está no foco da súa "exclusivista" ollada. Canto máis imos, máis opinadores hai, para todos gustos e sabores. Politólogos de pimpón e subvencionados. Mesmo hai espécimes que publicamente cambian de gusto e renuncian ao padal que lles conformaba apetencias e sabores. Non sería eu censor das opinións vertidas por ninguén, anque me sinto na obriga de interpoñer recurso contra os danos que esa voluble información poida causar, pola súa parcial exposición e polos insultos que normalmente acompañan. Serven -esas súas dobres pautas- para ocultar transgresións e, así, branquear obtusas aspiracións sensacionalistas que tanto nos habitan. Por iso me sinto escandalizado na urxencia de que lle poñan acoutamento a tanta violencia verbal, mentira e obscena manipulación da realidade. Sería bo volvermos ao sentido común, a sementar paz desde o menos común dos sentidos. Temos todos dereito a discrepar, a opoñernos, a defen-

der as ideas que teñamos por medio do diálogo e a razón. Pero non se debe pasar con tanta solvencia ao insulto, á agresión e á ofensa, menos coa mentira por bandeira, coa repetición miles de veces, querendo convertela en verdade. Tristemente nunca será verdade! Por iso resulta unha perda de tempo. O sensacionalismo busca a apetitosa trabada das audiencias pero, ollo, hai que sementar certezas e paz. Non se poden abondar ofensas ao rigor e a boa praxe e, por riba, o peor, como en Madrid pasou: divulgan vinganças.

Non, isto non ten nada que ver cos problemas de Rociño nin do Bosé, tan de actualidade en rodas de "cafeses, espernexe e asofases!", ten que ver co espectáculo de bochornos en Madrid. Menos mal que nos quedan tan lonxe. Menos mal que a súa forza centrifugadora non pode sacarlle atributos á nosa escasísima democracia, aínda pendente de facerse efectiva e afectiva, xusta en equidades, sen manipulacións. Aquel centrípeto movemento non chega, aquí aínda non temos Ave nin estradas capaces de dixerir o contubernio das terrazas e cervexas que alá tomen. Aquel espectáculo é suficiente para saber

o que non queremos para ninguén, tampouco para os madrileños, nin se-quera para os indios ou os batases, que nos quedan algo máis a desmán. Viuse a loita descarnada polo poder, para beneficio deles, dos seus intereses privados, non públicos. E a xente, animada polos medios e as redes, picou e non lembrou que os que pedían liberdade eran os mesmos que impuxeron a Lei Mordaza, ou a falta de diálogo entre empresa e traballadores, permitindo despidos e maltrato laboral, abusos, desafiuzamentos, peche de centros públicos. Non lles acordou o caso omiso da covid, as deficiencias sanitarias por mor das súas privatizacións. Non lles acordou nada! Penso, despois do visto e obrigatoriamente vivido, á vista dos resultados, e concédome a torpeza de non dar metido na cabeza ese invento de "democracia non liberal", debe ser unha liberdade de facer o que lles peta, facéndonos perder a ansia e o desexo, tamén o creto e a crenza de que alguén nos poida representar. Cousas da idade!



Por Avelino Jácome

Misael e a caza de espíritos maiores

"Estaba eu recentemente cortada e as miñas irmás chorábanme... e a fin de que eu, a fermosa melena de Berenice, aparecese fixa no ceo brillando para os humanos no medio de innumerables astros, Ciprís colócoume, como nova estrela, no antigo coro dos astros."

(Fragmento da elexía de Calímaco)

Estes inmortalis que axexan entre as tebras e o medo, son sombras na noite, imposibles de destruír ata lograr atopar o depósito do seu corpo material. Son seres metade astrais e metade espirituais, da mais ruín liñaxe, a que mouro entre os pensamentos e as irrealidades, incrustándose nos sonhos como unha Amanita phalloides entre unha manda de Lepiotas proceras, "hostes de

maldade nas rexións celestes", vampiros devoradores de esperanza.

O camiño retorto ondula entre as simas onde estiveron as casas e a xenerosa vexetación que se apropiou da súa arquitectura magnífica, a canina non dá calado a pesar do silencio necesario para este tipo de caza, rumoréame, "Algún día tamén as habitaron familias, cargadas de ilusións e esperanzas e media ducia de xeracións de cans. A miña especie, alimenta máis a alegría, o noso tempo é máis curto, porque o noso amor é maior" mireina sen dicir nada, non quero que o as súas lerias esco-rrerent a peza.

Entre a parede e a vella despena escóndese a materia da maldade, esta vez as armas son "atrapadores de enerxía cósmica" realizados nos laboratorios de Ale-

xandría polos sabios. O noso mestre, o gran Tycho Brae, púxo a resguardo preto das covas de Qumram, camiño do Mar Morto e Misael da Galaxia é o seu custodio na actualidade, especialista en reter presenzas espirituais malvadas.

Nisa ule a pedra e eu activo o "atrapador", o ceo ilumínase e a terra treme, ao noso lado desfanse os muros, eu perdo o ánimo pero sostenme o estoicismo da canina, pasados os primeiros efluvios, unha intensa peste a xofre e estaño golpean a nosa pituitaria.

Despois da longa loita, as forzas fállanme e me desmaio, perdo o contacto coa realidade durante algúns minutos. Coma se dun sonho tratáse sinto unha humidade quente na miña cara, é Nisa reanimándose coa súa lingua. Ao mirala aos ollos sei que gañamos a batalla, dirixo a "pistola atrapadora" ao ceo e solto nun raio, os restos mortais do vampiro de Antioquía.

Mentres regresamos á nosa morada, non falamos, só observamos o ceo e as súas constelacións... os "lebreles de caza e a melena de Berenice".

Estou cansado de loitar contra fábulas e lendas coméntolle agora si, á miña compañeira canina que sen dubidalo respóndeme: "Sen os sonhos e as figuracións, seríamos seres vulgares, atados ás nosas propias debilidades" e subíndose á roca máis alta, entre a cruz e o peto das ánimas, mirando ao ceo ouvea como loba, mentres eu absorto pérdome na noite buscando o noso próximo destino...

Unha de vampiros, dedicada a Misael da Galaxia (Miguel Blanes) que tantas veces axúdame a combater coas miñas pantasma. Grazas



Máis información na nosa web

www.novasdoeixoatlantico.com

Entrevista

Por Moncho Mariño

Entrevista a Laura de Cáceres Iglesias

“Nos programas escolares as voces literarias seguen sendo maioritariamente masculinas”

Laura de Cáceres Iglesias recolle numerosos pensamentos dentro do seu libro *Despois da Erosión*. Un conxunto de ideas, conceptos e pensamentos arredor do empoderamento, do tempo e da pegada final que este deixa de nós. A

casualidade foi a que recolleu parte dos froitos que esta autora reflicte agora no seu libro editado en Urutau. Falamos con Laura en Compostela onde fai a especialidade en Literatura Comparada e Teoría da Literatura.

-Despois da Erosión parece un título escollido con moito coitado.

O libro recolle o que sería a “erosión” e o final é o “despois” dun proceso de erosión.

-A erosión como elemento aliado do tempo para desgastar ou o tempo aliado da erosión?

As dúas fórmulas por igual, o paso do tempo e como afecta ás persoas sobre todo o fenómeno de crecer e o empoderamento. Creo que todas estas fases van unidas.

-Cando falas de empoderamento refírestes ao empoderamento como persoa ou máis en concreto como muller?

Como muller mais non falando desde a persoa individual que escribe senón desde a muller en xeral, a busca dunha voz lírica feminina.

-Non se chegou entón á consolidación dunha voz lírica feminina a pesar de anos de reivindicación.

Dentro do que é o canon creo que non. Penso por exemplo nos

programas escolares onde son maioría as voces de autores masculinos. Non obstante, dentro da poesía galega hoxe en día creo que vai aumentando o número de voces femininas.

-Os teus estudos e as túas buscas arredor da literatura abrironche novos campos, novas voces e novos estilos descoñecidos para ti?

Realmente levei moi poucas sorpresas. Eu estudo a especialidade de Teoría da Literatura e Literatura Comparada e por esa vía abríronse máis portas para entender estilos e a comprensión do canon.

-Polo dito ata o de agora, poderíase dicir que hoxe en día tes un bo número de referentes femininos ou son necesarias moitas máis?

Polas lecturas que fixen durante toda a miña vida creo que suman máis as voces masculinas. Aínda así, agora mesmo hai máis mulleres e neste libro en concreto influíron máis voces femininas. En concreto algúns nomes serían

María do Cebreiro, Silvia Penas, Olga Novo e moitas outras voces.

-E con todas esas voces fuches abrindo un camiño, un proceso.

Si, un pouco longo. Nunca escribín pensando en materializar todo nun libro. Publicar *Despois da Erosión* tivo o seu primeiro paso na presentación dun libro de Silvia Penas que publicara en Urutau, nesa presentación había un libro aberto e animeime a participar. Despois daquilo Penas díxome de enviarlle os poemas para lelos. Todo isto saíu da casualidade mais ata ese momento non tiña conciencia de estar creando un poemario. Despois si, porque chegou un proceso de depuración moi longo para limpar, pulir e arranxar moitas cousas.

-Houbo máis persoas detrás da túa decisión de seguir escribindo?

Podo dicir que os meus amigos, porque con moitos íamos facendo recitais por locais e había persoas que si me animaron a facelo. Se non fora pola familia e amigos, non creo que chegase a publicar.



Laura de Cáceres. Fotografía de Jesús Andrés Tejada.

-Falas de Silvia Penas, animáriste agora a crear un espectáculo onde mesturar música cos teus poemas?

Polo de agora non, en tal caso a máis longo prazo. O que si teño programado son dúas presentacións, unha en Vigo e outra en Santiago.

-Falabas da pouca presenza da voz lírica feminina, atrevíste a crear un traballo poético co obxectivo de achegar máis ao empoderamento da muller dentro da literatura?

Entendo que unha achega así é necesaria. A cuestión é que eu teño unha maneira case automática de escribir e logo engado documentación e fago un proceso de depuración do texto mais non

adoito escoller temas, escribo ideas que me chegan para despois traballalas e o que teña que ser, será.

-Iso que dis é o teu proceso de creación?

Eu vexo a escritura como unha necesidade, unha maneira de enfrontarme a certos momentos e situacións. É case un proceso de escritura automática, o que sinto nese momento, despois aplico as correccións necesarias.

-Nestes momentos cres que tes escrito traballo abondo para un novo libro a medio prazo?

De momento perfilo textos. Si che direi que publicar por primeira vez abriume un pouco as portas de dicir “ao mellor sigio por este camiño”.

Fai valer os teus dereitos!

Recupera os teus cartos sen provisión de fondos.

881 964 020

· CLÁUSULAS DE CHAN E GASTOS ·
· ACCIÓN DO BANCO POPULAR ·
Ampliación de capital 2016



PÉREZ - LEMA

Avogados e consultores

Bancario - Mercantil - Penal - Administrativo
Concursal - Laboral - Litigacións en xeral

www.xoanantonperezlema.com Fontán, 4 - 3ºD. 15004, A Coruña

Gadisa supera os 200 establecementos cunha apertura en Cuntis (Pontevedra)

Coa franquicia de supermercados Claudio

A firma Gadisa realizou a súa novena apertura do 2021 coa franquicia do supermercado Claudio (propiedade da familia Pernas) na localidade pontevedresa de Cuntis. Con isto, a compañía 100% galega alcanza os 202 establecementos en franquicia, sendo 121 de Claudio e 81 de Claudio Express.

O de Cuntis é un establecemento con ampla variedade de seccións e de produtos distribuídos nunha superficie de 400 m², priorizando a comodidade dos clientes. Com-



plementase cun aparcadoiro de grandes dimensións e un amplo horario de atención ao público. A apertura en Cuntis supón a creación de 10 postos de traballo.

Esta liña de negocio de Gadisa

continúa a súa expansión poñendo de relevo a súa importancia ao prestar un servizo esencial como é o da alimentación en zonas rurais e semiurbanas, proporcionando preto de 900 empregos directos.

PSdeG: "O PP rexeitou a nosa iniciativa para recoñecer como BIC o Castro Valente"

Segundo denunciou ante o Parlamento galego a voceira de Cultura do Grupo Socialista, Noa Díaz, o PP rexeita a proposta socialista para declarar como Ben de Interese Cultural (BIC) o Castro Valente, situado entre os municipios de Padrón e A Estrada.

Noa Díaz reivindicou igualmente ante a Xunta que recoñeza como BIC o Castro Valente,

xa que "corre serio risco de afectación polas posibles obras de construción dun parque eólico e a proximidade da proxectada liña de alta tensión 'LAT 220 kv Lousame-Tibo'". Destacou os xacementos recentemente atopados en Castro Valente e de posuír "un maiores recintos fortificados" de Galicia, "só comparable morfoloxicamente á muralla de Lugo".

O Fondo Galego de Cooperación financia 60.000 xiringas para vacinar contra a Covid-19 en Cuba

O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade vén de asignar 5.000 euros da súa reserva de axuda humanitaria á compra de 60.000 xiringas, destinadas á vacinación en Cuba. O apoio canalizarase a través da ONGD Sodepaz e da Asociación de Amizade Galego-Cubana 'Francisco Villamil', co fin de paliar a dificultade existente no país para adquirir os materiais necesarios no mercado internacional, debido ao bloqueo imposto por Estados Unidos, que foi

condenado en diversas ocasións pola ONU.

A través desta iniciativa, á que o Fondo Galego vén de contribuír e que vai camiño de conseguir os 2 millóns de xiringas, preténdese acadar os 10 millóns de unidades a nivel europeo. Outras entidades de cooperación descentralizada, como o Concello de Oleiros ou o Fons Català de Cooperació al Desenvolupament, tamén se adheriron xa a esta intervención. Ademais, calquera persoa ou colectivo pode colaborar

a través do número de conta ES42 1550 0001 2900 0350 9221 habilitado por Sodepaz, indicando no ingreso o concepto "jeringuillas". Cada euro achegado permite realizar 12 vacinacións.

O Fondo Galego

O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade está integrado por 100 concellos e as deputacións de Pontevedra, A Coruña e Lugo, que concentran a través desta rede os seus esforzos no eido da cooperación ao desenvolvemento.

BNG: "o novo regulamento de control da pesca da UE é moi lesivo para a pesca galega"

A portavoz do BNG en Europa, Ana Miranda, e a deputada Carmela González, manifestaron a oposición da formación nacionalista ao aumento dos controis na pesca artesanal galega e no marisqueo, tal e como contempla o novo Regulamento de Control da Pesca da UE.

Reclamaron así a exclusión da pesca artesanal galega destes novos controis por consideralos "moi lesivos", xa que refiren, por exemplo, á obriga de declarar telematicamente as súas capturas antes de entrar a porto e de instalar cámaras a bordo en em-

barcacións de menos de doce metros de eslora para controlar a obriga do desembarque das capturas.

Miranda criticou tamén que o PP e o PSOE defendan en Galiza que non se aplique esta normativa europea pero que en Bruxelas votaran a favor da súa aprobación, nun "exercicio de hipocrisía". Pola súa banda, a deputada Carmela González criticou que o novo regulamento "ignora por completo a realidade da frota galega, de baixura e artesanal do noso país" e "mostra o descoñecemento que en Europa teñen do sector pesqueiro galego".



MIRANDA
LIBRERÍA

en BUEU, onde ía ser?

www.libreriainmiranda.gal



SANTABAIA
RESTAURANTE

Fins de semana e festivos
menú especial

Churrasco para levar

Menús diarios

Carta

Santabaia, 6. Tfno. 988 38 02 54. O Pereiro de Aguiar

Entrevista

por Moncho Mariño

Entrevista a José Carlos Bermejo Barrera, historiador

“O mundo das reliquias é un mundo relacionado coas lendas case sempre”

José Carlos Bermejo, catedrático da Universidade de Santiago de Compostela, vén de sacar o libro *Os Santos das Nacións. Reliquias e lendas de conversión en Europa*, un documento que repasa as lendas nacionais ligadas ás figuras dos santos. Con este traballo quérese dar conta

da ausencia de rigor en moitas das supostas aparicións e conversións por parte de santos apóstolos en diferentes lugares de Europa, incluída Santiago de Compostela. Unha lectura recomendada para coñecer partes da Historia que nunca nos contaron.

-No seu libro *Os Santos das Nacións. Reliquias e lendas de conversión en Europa*, a Igrexa católica romana parece ser a única das igrexas cristianas que mantén un culto ou devoción ás reliquias dos santos.

Mantense sobre todo porque a Reforma Protestante suprimiu radicalmente o culto aos santos, pechou e eliminou fisicamente os monasterios. Logo disto, o culto aos santos e ás reliquias non ten sentido ningún. Dentro do Islam segue habendo culto ás reliquias e tamén dentro da Igrexa Ortodoxa e dentro dela a Revolución Rusa afectoulle moito e a Igrexa Ortodoxa grega quedou moi reducida. Mais na Europa Occidental foi a Reforma Protestante a que acabou co culto aos santos.

-Cal é o sentido de manter ese culto aos santos e ás reliquias, reforzar o papel da Igrexa católica fronte a Reforma?

Hai que distinguir entre o acontecido durante o século XVI e canto ocorre na actualidade. O culto ás reliquias no mundo occidental cae en decadencia. Había miles de reliquias, moitas delas falsas e iso xa o sabía a Igrexa. Os historiadores que crearon a crítica documental para distinguir os documentos falsos dos auténticos, fixérono precisamente para diferenciar os cultos auténticos dos inventados. O culto ás reliquias entrou moi en decadencia no século XVI, entón na Igrexa Católica o Concilio de Trento remarcou que o culto a un santo

non era o culto a uns ósos. Dentro do catolicismo, as reliquias máis importantes terían que ser as reliquias imposibles, Xesús e a Virxe María subiron ao ceo en corpo e alma, entón non puideron deixar reliquias. Iso entrou en decadencia até o século XIX en que a Igrexa volveu reforzar o culto aos santos.

-Como se realizaba o procedemento de autenticación dunhas reliquias humanas?

Primeiro aparecían uns ósos que reivindicaban como dun santo. O primeiro paso ata o século XIII, o bispo da diocese debía mirar na documentación conservada se ese personaxe existira ou non, pois moitos santos e santas realmente non existiran. Se a persoa existira como mártir do emperador Diocleciano, por exemplo, o bispo debía saber da existencia do santo, onde morreu e en que día. Se a existencia era auténtica, tiña que verificar se os restos chegaran ao lugar onde se indicaba a súa presenza. Se era certo confirmábase e despois podías dicir que fixera ou non un milagro. Todo isto converteuse nun negocio pois cada lugar gañaba prestixio segundo as reliquias que tiña. Felipe II chegou a ter cinco mil reliquias no Escorial porque as coleccionaba. Todo isto deu lugar a moitos abusos, o Papado quixo poñerlle fin facendo os certificados directamente en Roma. Ese era o procedemento, primeiro dicir a quen lle estás dando culto. Un exemplo absurdo, moitas igrexas dicían que tiñan

restos de anxos. Os anxos segundo o catolicismo non teñen corpo, por iso era imposible ter restos. **-Entón hai unha serie de intereses creados arredor das reliquias, desde económicos até políticos.**

Os intereses económicos eran claros. Se ti tes por exemplo un apóstolo, que eran doce e por tanto a maioría eran ilocalizables, mais se anuncias a presenza dos restos dun apóstolo, a peregrinación deixa esmolos. Por exemplo, a peregrinación a Santiago facíase como penitencia. Se alguén cometía un pecado ou un delito facíasele ir a Compostela e para iso debía demostrar ter feito o camiño coas “compostelas”. Durante a Idade Media as persoas ricas contrataban a outros para facer a súa peregrinaxe e que lle levase o documento. Todo iso era pagado e así os cabildos tiñan moitos ingresos. Iso por unha parte, pois logo está o prestixio nacional que depende de quen teña o santo máis importante. Inglaterra tiña Xosé de Arimatea que levava o Santo Grial, este santo nunca chegara a terras inglesas. Escocia para facer fronte a Inglaterra inventou a súa conversión por San Andrés. A maior prestixio das reliquias, maior prestixio do país.

-É certo que a maioría das reliquias eran atribuídas a mártires perseguidos en tempos do Imperio Romano?

Sí, mais os martirios aconteceran sobre todo en Roma ou no Mediterráneo, no resto de Europa



non houbo, por tanto esas reliquias tiñan que chegar do sur. Estaba prohibido vendelas mais non agasallalas. O Papa Gregorio Magno dicía que tiña os doce apóstolos, Carlomagno dicía ter a Santiago que logo veu para aquí e en Francia dicían ter a María Magdalena que converte a Francia ao cristianismo.

-Todas as lendas arredor de Santiago son unha invención?

No libro explícase que a lenda máis antiga é inglesa. O apóstolo Xacobe aparece nun poema dun bispo do século VII que di ter convertida a Hispania. Logo que os discípulos o trouxeron nunha barca de pedra sen timón e vela, pois iso é máis que dubidable. O mundo das reliquias é un mundo relacionado coas lendas case sempre. Xosé de Arimatea foi que soterrou a Xesús, evidentemente non foi a Inglaterra converter aos britóns, aínda que a lenda di que sí. Como non hai documentación aparecen as lendas para explicar a aparición do corpo dun santo. Mesmo hai documentación

da conversión de Noruega polo apóstolo Santiago.

-Quen pode estar soterrado na catedral de Santiago?

Iso é imposible de saber. Hai tres cadáveres, arredor deles hai enterramentos denominados “ab santos”, tumbas de persoas que estaban arredor dos tres cadáveres principais porque os consideraban santos. Os soterramentos feitos aí son de orixe cristiá, mais non son mártires, Santiago non tiña poboamento antes dos romanos. Hai dúas explicacións, unha que é Prisciliano decapitado en Treveris con dous discípulos e os seus cadáveres chegaron a Galicia no século IV e que se lle deu culto como santo, todo isto a partir de fontes fiables. O problema é que non hai inscricións que o confirmen. O arqueólogo José Suárez Otero di que o lugar de enterramento non é do século IV, senón que son pezas doutros enterramentos trasladados aí por un bispo defendendo que eran do apóstolo e dos seus discípulos.

Castelao grafista reúne unha ampla selección das múltiples facetas desenvolvidas polo galeguista

A vida de Castelao é un manifesto multixénero de comunicación e enalzamento da memoria, a identidade e a singularidade do pobo galego, pois entendo que poucos artistas exerceron unha autoridade por encima das correntes do seu país como así o fixo Castelao. Deste xeito, o delegado territorial da Xunta en Ourense, Gabriel Alén, referiuse á figura de Castelao na inauguración da exposición 'Castelao grafista (facsimil)', que se vén de abrir no local da Afundación Obra Social Abanca da capital das Burgas.

Para o delegado territorial, Castelao posuía o don persoal da comunicación; e desde a perspectiva dese don, desenvolveu esa calidade para comunicarse cos demais coa maior sinxeleza e a maior beleza, transmitindo es-

pontaneamente as imaxes, os ditos, as mostras populares de expresión, que se tiñan adherido aos recordos, ás evocacións, e ás súas vivencias diarias que adoitaba madurar con paciencia e reflexión no seu interior.

Gabriel Alén subliñou que a verdadeira paixón de Castelao era Galicia, pois aínda que exercera de "caricaturista, debuxante, ilustrador, columnista, escritor, pintor, escenógrafo, ensaísta, historiador, etnógrafo, teórico, político; oficios todos que exerceu con mestría. Pero si a cada un e nos se nos preguntase realmente cal foi a profesión e a ocupación de Castelao, teño o convencemento que todos coincidiríamos na resposta, e que aquí, neste certame, se manifesta con claridade: Galicia", sentenciou o delegado territorial.

Para Castelao -subliñou Gabriel

Alén- a vida está chea de senso, aínda que os homes se empeñen en envolverla e confundila; el era da idea que o que ha de vir sempre será mellor co que xa está vido. Desde esa continxencia -continuou o delegado territorial- ningún fenómeno artístico, nin político da época foi alleo á súa curiosidade. Tanto é así, que a vida de Castelao, ademais de ter sido unha parte prioritaria dos temas da súa obra, foi creada por el con coidadoso agarimo; e vida e obra confúndense a miúdo nalgúns dos autorretratos dos seus óleos e debuxos como nalgúns narracións de 'Retrincos' ou de 'Cousas'; e que nesta magnífica exposición quedan reflectidas.

A exposición

'Castelao grafista (facsimil)' é unha proposta que reúne unha ampla selección das múltiples fa-



cetas desenvolvidas por Castelao: textos, ilustracións, deseños, fotografías, publicacións, etcétera. O obxectivo é facelo máis visible internacionalmente e establecer unha rede de bibliotecas nas que se poida consultar e estudar a súa obra.

Conforman a mostra 3 retratos fotográficos, 4 caricaturas, 89

debuxos da serie Cousas dá vida e 17 debuxos e portadas de revistas. Ademais poderase ler o texto orixinal do Albúm Nós e contemplar 2 manuscritos de Castelao, 18 portadas das primeiras edicións dos libros de Castelao, 3 páxinas interiores, 14 portadas de libros ilustradas por Castelao e 3 debuxos.

Lorena Conde Martínez, premio de Poesía Cidade de Ourense

O Concello de Ourense presentou a obra gañadora da edición número 36 do Premio de Poesía Cidade de Ourense: "As puntas da louza. Cancioneiro popular de labor", de Lorena Conde, nun acto no que participaron a autora, o crítico literario, membro do xurado e encargado da edición, César Lorenzo e o alcalde de Ourense, Gonzalo Pérez Jácome.

O xurado destacou da obra gañadora "a súa calidade lingüística e estética coidada, así como a coherencia no discurso que soubo visibilizar a inspiración nas formas tradicionais da música tradicional e relixión, reformulándoas dunha maneira transgresora. Voz poética que amplía o imaxinario falando desde a subalternidade, introduce na poesía galega o problema das mulleres obreiras. Coloca os coidados no centro facendo unha lectura contemporánea da difi-

cultade da conciliación. En definitiva, unha poesía que conmove e non deixa indiferente", conclúe o xurado.

O certame está dotado cun premio de 6.000 euros e a publicación do traballo gañador. Na actualidade, e até o día 4 de xuño está aberto o prazo para presentar obras á edición número 37 do certame, á que poden concorrer obras en galego ou portugués escritas por persoas que non gañasen o premio nas 5 edicións anteriores. Teñen que ser textos orixinais e inéditos, cun mínimo de 600 versos e presentarse baixo un lema no Concello de Ourense ou na Cámara Municipal de Vila Real. O Concello ten aberto tamén até o 4 de xuño o prazo para presentar traballos ao Premio Risco de Creación Literaria, dotado tamén con 6.000 euros máis a publicación da obra gañadora.



Lorena Conde Martínez, á esquerda.

O xurado da trixésimo sexta edición do Premio de Poesía "Cidade de Ourense" estivo composto por César Lorenzo Gil, crítico literario; Edelmiro Vázquez Naval, poeta; Charo Lopes, gañadora da edición anterior; a técnica de Normalización lingüística do Concello, Mónica Fernández Valencia, como secretaria con voz e sen voto, e actuando como presidente, o xefe de Sección de Cultura, Manuel Freire Cid.

González Conde, adestrador de fútbol sala



Luís Antonio González Conde é adestrador de nenos, infantís e cadetes que queren ser porteiros de fútbol sala. Aos 19 anos empezou como porteiro no equipo que patrocinaba Comercial Celso e posteriormente xogou con éxito en torneos e competicións.

Participou no campionato de Escocia e viaxou a Austria, Bosnia e Moldavia. Lembra que Fútbol Sala Ourense "tratoume moi ben". Formou parte da liga

provincial coa Bull, proxecto de Óscar Vivian e Víctor Sousa, e quedaron campións de Galicia. Por aquel entón non había campionato de España.

Por mor da pandemia que impediu viaxar fóra, González Conde xogou recentemente en ligas locais. A práctica deportiva "facilitoume atoparme con xente fenomenal como José Antonio Seguí, Rubén Tizón e Víctor Sousa" sinala e engade "segurei adestrando mentres o corpo aguante".

Guía Gastronómica

Do mar ao interior

Bar Fuentefría recibiu a visita de Henrique Rivadulla Corcón, produtor executivo do programa “O clan das mariñeiras” que se emite en TVG os sábados pola tarde. Rivadulla tamén dirixe e presenta “Cadernos de Bitácora” que tamén emite a cadea galega o sábado pola tarde. Coa súa muller degustou as delicias que ofrece o local de Pepe Callos e que serve Nuno.



Rivadulla e a súa dona, con Pepe Callos, no centro.

Madrileños en Ourense



Carlos e Carmen, madrileños en Bar Orellas.

A sobremesa antes



No Trasnó recomendan antes a sobremesa.

En Trasnó aseguran que a vida é curta e por iso recomenda que se coma a sobremesa de primeiro: Delicias de queixo e tosta con arandos. “Se che gusta o picante, atréveche coa nosa salsa verde” desafían. Ofrece variedade de petiscos e racións así como carne richada, pementos de Herbón e lacón con queixo de Arzúa.

A madrileños Carmen e Carlos estiveron en Ourense o verán pasado e agora repetiron viaxe para visitar Baiona, A Guarda, Tui, Vigo, Vilanova de Cerveira (Portugal) e Ourense. Desde aquí foron a Poboia de Sana-

bria para coñecer o Camiño Sannabrés a Santiago. Na cidade das Burgas percorreron a zona de viños e en bar Orellas probaron os produtos do porco a pa ibérica, marcón e a variedade de queixos que ofrece Paco e o seu persoal.

Máis información na nosa web

www.novasdoeixoatlantico.com



VÍSTA O TRASNO



Rúa Lepanto, 10.
Ourense



BAR ORELLAS

Orella, rabo, anchovas.
Lacón e cachucha cocidos e prensados.
Paletilla, lomo, chourizo, salchichón e marcón ibéricos.
Queixos: Arzúa, manchego e fresco.

Santo Domingo, 2 OURENSE. 988 37 25 59

Bar FUENTEFRÍA

Afumados
Carnes
Clásicos
Queixos
Ensaladas

Rúa Viriato, 6
OURENSE





MESÓN TAPERÍA

EL CORRAL

Especialidade cociña galega,
española e mexicana
Empanadillas variadas
Comida para levar

988 24 09 22. 607 236 581
Praza dos Suaves. OURENSE

A oferta gastronómica de O Couto

O barrio do Couto contaba en 1991 con 7.374 habitantes, converténdose así nun dos barrios máis poboados de Ourense. En 1996, os habitantes de máis de 60 anos representaban case o 22% da poboación, mentres que os menores de 20 anos eran preto do 25%. No ano 2014, caracterizouse por ser unha das zonas ourensás que máis inmigrantes acolleu, procedentes de América do Sur, Europa, África e Asia. No 2015, destacou por contar coa idade media máis baixa de Ourense, 45,2 anos; mentres que no centro da cidade esta cifra ascendía aos 47,6 anos. A economía da zona está moi vinculada ao sector terciario, existindo unha gran cantidade de negocios de hostalería. Repasamos a actividade dalgun dos deles.

En Bar **Albor**, Rosa prepara na cociña varios petiscos e tapas. Fabada, polbo, ameixas, chourizo, queixo, costela adobada, boquerones, empanada de bacallau, mexillóns. Cada semana renova a oferta. Realiza ceas por encargo. O seu fillo Daniel serve as mesas desde primeira hora cos almozos.

En bar **Sarmiento**, tamén na rúa Greco, é Lina a que está na cociña para preparar callos, empanadillas, tortilla e os pratos para as ceas por encargo. Dispensa xeados La Menorquina.

En **Majestic**, os novos donos, na Praza de Pedro Monteagudo, ofrecen almozos, bocadillos, hamburguesas e pratos combinados. Tamén comidas e ceas. Durante dúas horas ao día as canas son a un euro.

Na **Tasca** hai salpicón, bocaditos, xamón serrano, anchovas

con queixo e un longo etcétera.

Santa despacha zumes e almozos. Tamén petiscos, tapas variadas e cervexa Alhambra. Conta con máquina para apostas deportivas e de tabaco.

En **Vila Verde**, de recente apertura, a oferta é de: tortilla, sardiñas rebozadas, lombo con queixo, fagitas e empanadillas.

Dona Concha, en rúa Velázquez, ofrece almozos doces e salgados; albóndegas e tortilla; repostería caseira. Case enfronte, bar **Entrimo** despacha orella, callos, costela asada, fabas. Tapería **O Inocente** prepara bacallau á portuguesa, tortilla e polbo á feira.

Restaurante **Trocadero**, en rúa Remedios, presenta: ensaladas, carnes, pescados, pastas e sobremesas caseiras.



O santuario de Fátima, do que están moi orgullosos os vecinos do Couto, foi consagrado e inaugurado o 29 de abril de 1962.

Café Bar SARMENTO

Comidas por encargo

Rúa Greco, 17. O Couto (Ourense) Tfno. 988 508 710

Santa

Almozos
Plato do Día
Petiscos
Tapas

Rúa Greco, 6
O COUTO
Ourense

majestic

Almozos
Bocadillos
Pratos Combinados
Hamburguesas

Praza Monteagudo, 3
O Couto (Ourense).
Tfno. 641 81 10 36

BAR ALBOR

Almozos - Petiscos

Rúa Greco, 7 O COUTO
697 27 29 47 Ourense

Política Social investirá 33.000 euros na escola infantil do Pereiro de Aguiar

A Xunta de Galicia investirá 33.000 euros en diversas obras de mellora da escola infantil do Pereiro de Aguiar, pertencente á rede pública autonómica. O xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, Perfecto Rodríguez, anunciou esta actuación nunha visita que fixo ao centro na que estivo acompañado do delegado territorial da Xunta de Galicia en Ourense, Gabriel Alén, e do alcalde do municipio, Luís Menor.

O Concello ocuparase da execución dos traballos, que serán

financiados polo Consorcio coa compensación das liquidacións que corresponden por este servizo público. Prevese que as obras se desenvolvan durante o período estival de vacacións no centro para que non afecten ao seu normal funcionamento.

A intervención consistirá, fundamentalmente, no pintado das fachadas exteriores; na mellora de pavimentos e na substitución da varanda na zona da entrada do centro; así como na revisión e reparación dos selados da cuberta. As obras tamén mellorarán a zona

do patio, xa que se cambiarán as lousas actuais por caucho continuo novo; substituiranse os mobles cambiadores e dotarase ao inmoble dun novo baño.

Infraestrutura de calidade

Perfecto Rodríguez explicou que o obxectivo deste investimento é “garantir ás familias que os seus pequenos reciben uns coidados e unha atención educativa de calidade nas mellores instalacións”. Neste sentido, apuntou que a intervención proposta para a escola axústase ás necesidades comunicadas polo



Perfecto Rodríguez ofrecendo explicacións sobre o proxecto.

Concello á Administración autonómica.

Así mesmo, o xerente do Consorcio destacou o incremento de solicitudes de praza recibidas nesta escola infantil e que suporá, no caso de que se formalicen fi-

nalmente todas as peticións recibidas, a apertura dunha nova unidade, a cuarta. De feito, en función das solicitudes rexistradas, o centro iniciaría o curso en setembro con 45 prazas ocupadas, 15 máis que no actual.

“Un camiño imaxinado” comezou no Pereiro de Aguiar

O delegado da Xunta, Gabriel Alén, o alcalde de O Pereiro de Aguiar, Luís Menor, e o presidente da Deputación de Ourense, Manuel Baltar, participaron na inauguración do proxecto “Un camiño imaxinado”, que contou co apoio da Xunta no marco do programa O Teu Xacobeo cunha achega de preto de 11.000 euros. Gabriel Alén sinalou que con proxectos como este, trátase de por en valor “a idea dunha Galicia e un Xacobeo integradores e abertos a todos e cada un de nós; unha terra e un destino hospitalarios e solidarios, como somos nos; como é Galicia”. O delegado territorial subliñou tamén que “a través de proxectos como este podemos desfrutar dun Ano Xacobeo, que debido ás circunstancias actuais, prolongarase ata o ano 2022, nun contexto único que nos permitirá seguir facendo de Galicia ese destino especial e aberto ao mundo”. Trátase dunha recreación das distintas etapas da Vía da Prata entre A Pobra de Sanabria e Santiago de Compostela e que serve de divulgación e promoción do Camiño de Santiago neste



Luís Menor, Manuel Baltar e Gabriel Alén.

municipio, dentro unha contorna natural privilexiada e porta de entrada cara a Ribeira Sacra e as serras orientais de Galicia.

Vía da Prata

O Camiño imaxinado expón, nun percorrido deseñado a unha escala circular de catro quilómetros nun espazo de recreo de uso diario, o patrimonio natural e cultural presente nas diferentes etapas da Vía da Prata en dous orixinais formatos.

Por unha parte, empregouse a cuncha da vieira como símbolo máis representativo do Camiño de Santiago de gran tamaño para sinalizar a ruta no inicio

desta e, por outra, distribuíronse nove paneis informativos ao longo do traxecto. Nestes espazos, realizados sobre lona impresa, persoas de recoñecida traxectoria intelectual presentaron esta ruta nunha linguaxe atractiva para ilustrar os recursos presentes no percorrido.

As etapas que contempla O Camiño imaxinado, atendendo tamén ás variantes que presenta esta ruta, son: A Pobra de Sanabria-Lubián (en Zamora), Lubián-A Gudiña, A Gudiña-Laza, Laza-Xunqueira de Ambía, Xunqueira de Ambía-Ourense, Ourense-San Cristovo de Cea, San Cristovo de Cea-Dozón, Dozón-

A agrupación folclórica Queixumes dos Pinos divulga o legado cultural do santuario dos Gozos



Acto na entrada ao santuario dos Gozos.

A Xunta de Galicia impulsará a divulgación do legado cultural do santuario dos Gozos colaborando coa agrupación folclórica Queixumes dos Pinos para promover o potencial patrimonial e cultural do santuario dos Gozos arredor da que se celebra cada ano a festa popular do Concello de Pereiro de Aguiar.

Á presentación da peza audiovisual acudiu o secretario xeral de Cultura, Anxo Mamuel Lorenzo, quen puxo de manifesto a importancia de apoiar iniciativas como esta “que se enmarca no traballo da Xunta por contribuír a que as tradicións e a nosa cultura pervivan e se difundan nas novas xeracións”, expresou. Agradeceu, ademais, o traballo realizado por Queixumes dos Pinos “polo seu excelente traballo a prol da cultura galega a

través da súa escola e os seus espectáculos”. O acto incluíu unha visita á sede da agrupación.

O novo vídeo promocional pon en valor o santuario, capela de estilo barroco construída no século XVII. É unha edificación rectangular, dividida en tres tramos por dous arcos. Ao redor desta igrexa celébrase a romaría dos Gozos, festa popular do Concello de Pereiro de Aguiar, o primeiro domingo despois de Semana Santa. Está impulsado pola agrupación Folclórica Queixumes dos Pinos, unha asociación cultural e social que desenvolve todo tipo de actos e actividades, sempre relacionados coa cultura tradicional galega, entre elas desenvolve a danza tradicional da Virxe dos Gozos durante esta celebración.

Xunta e Nogueira de Ramuín apostan pola recuperación de soutos para diversificar a actividade económica

O conselleiro do Medio Rural, José González, mantivo unha xuntanza de traballo co alcalde de Nogueira de Ramuín, José César Parente, para coñecer as principais necesidades e demandas deste municipio ourensán. Entre elas, destacou o compromiso de ambos dirixentes por recuperar e potenciar os soutos neste concello, co fin de salvagardar as variedades autóctonas e, á vez, diversificar a actividade económica na zona e anticiparse aos lumes. Na reunión tamén estiveron presentes a directora xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, Inés Santé, e de Defensa do Monte, Manuel Rodríguez.

Neste senso, José González trasladou que o seu departamento está traballando, xunto coa Uni-

versidade de Vigo, na caracterización dos soutos tradicionais de Galicia, das plantacións de castiñeiros máis recentes e das mesturas de soutos de castiñeiros con outras frondosas. Neste senso, sinalou que este traballo de caracterización e investigación permitirá crear o inventario de soutos de Galicia co fin de poder, a continuación, elaborar con datos verídicos e contrastados o Plan de recuperación dos soutos tradicionais de Galicia, o cal inclúe actuacións na Ribeira Sacra e, polo tanto, no concello de Nogueira de Ramuín.

Estas actuacións, comentou o conselleiro, pasarán por unha caracterización das zonas produtivas, onde se analizará a súa viabilidade de xestión e as posibilidades de transformación e comercialización naqueles territorios nos que se

atopan os soutos tradicionais de castaña, co fin de poder desenvolver unha actividade económica que permita que a xente que viva no rural poida tamén vivir do rural.

Ademais, José González tamén lle trasladou que a Lei de recuperación da terra agraria de Galicia -aprobada onte no Parlamento- tamén impulsará figuras de mobilización de terras que fomentarán actuacións de xestión conxunta, como pode ser a derivada dos soutos tradicionais. Nesta liña, o conselleiro salientou que o obxectivo último desta lei é precisamente velar por unha correcta xestión da terra agroforestal, a súa ordenación de usos, a loita contra o seu abandono e o fomento da súa recuperación, co fin de poñer a producir as terras arestora abandonadas e infrauti-



Xuntanza na Consellería de Medio Rural.

lizadas e de facilitar a terra a quen a desexe traballar.

Ambos dirixentes analizaron o proxecto que se levará a cabo ao abeiro do Programa de Infraestruturas Rurais 2021, consistente no arranxo e construción de muros de contención de taludes no camiño de "A casa", no lugar de

Ramuín, por un importe de case 50.000 euros. Neste senso, o conselleiro puxo en valor esta medida que, xunto co Plan Marco para a mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas, permiten acondicionar as infraestruturas rurais e mellorar a calidade de vida da poboación.

O BNG quiere coñecer o informe arqueolóxico do proxecto de polígono eólico no Monte da Neve en Celanova

O deputado por Ourense, Iago Tabarés, e o portavoz do BNG Celanova, Leopoldo Rodríguez, participaron este sábado nunha mesa informativa con militancia do BNG en Celanova e trasladaron ás veciñas e veciños o sentir nacionalista a respecto da invasión de proxectos de instalacións eólicas que está a sufrir o país e, en particular, a súa preocupación polas afeccións concretas do proxecto no Monte da Neve, que, de levarse adiante, terá impactos severos para a paisaxe, o patrimonio cultural da vila e a saúde e mesmo as economías das poboacións máis próximas aos aeroxeneradores.

"Desde o BNG apostamos polas renovábeis, mais entendemos que este bum eólico que estamos a padecer non serve aos intereses do país. No ano 2019 instalouse na Galiza tanta potencia eólica como durante toda a década anterior, pero iso non significou termos unha tarifa eléctrica galega



Manifestación en Celanova.

nin gozar de participación pública nos beneficios nin para fomentar o autoabastecemento", dixo Iago Tabarés na praza Maior de Celanova esta mañá, xunto a dúas dúas de militantes nacionalistas entre os que se encontraban o responsábel comarcal, Manuel Ferro, e militancia de Galiza Nova.

"Vai sendo hora de que o Concello dea a información que ten sobre o proxecto. Entre outras cousas, porque así se acordou nun pleno hai cinco semanas. E temos que ser nós, o BNG, quen

se presente na rúa dar esa información que o Concello non quere dar", subliñou Leopoldo Rodríguez, quen insistiu nos elementos da oposición nacionalista á instalación dos sete aeroxeneradores e destacou entre eles que en Alemaña "a distancia legal entre os aeroxeneradores e as casas que para este tipo de instalacións é o dobre que a que temos aquí", e que "ao redor da perimetral dos polígonos as fincas e as casas perden, segundo estudos noutros países, entre un 30 e un 50% de valor".

Allariz estrea Aula do Saber e novo estudo de gravación na Casa da Mocidade

O Concello de Allariz, a través da Área de Mocidade crea unha aula de estudo con acceso a internet e pon un novo estudo de gravación a disposición da xuventude. A aula de estudo, Aula do Saber, xorde ca idea de facilitar a toda a mocidade dende os 14 anos un lugar adecuado para a actividade académica. Esta nova sala con acceso a internet, está localizada nas instalacións da casa da Mocidade e conta con mobiliario adaptado ás necesidades dos estudantes. O seu horario de apertura será de luns a sábado de 09:00h ás 14:00h e de 16:00h ás 21:00h.

A alcaldesa de Allariz, Cristina Cid, destaca esta nova iniciativa coma unha máis no desexo por ofrecer servizos e seguir reforzando a a calidade de vida de Allariz, ao mesmo que espera que poda estar en funcionamento moito tempo para cubrir todas



Carlos Durán técnico de Radio Allariz.

as necesidades que poidan xurdir tanto nos alumnos de bacharelato, universidade ou ós propios opositores.

En canto ao estudo de gravación, estará a disposición de todo aquel que o precise, sempre baixo reserva en radio@allariz.gal ou no teléfono 988 680 434.

O concelleiro de Mocidade Iago Santás, anima a todos aqueles que queiran gravar o seu proxecto, sexan regueifas, rap a que veñan a facelo á mocidade e a que o fagan en galego.

Ribeira Sacra entra na recta final para a súa declaración como Reserva da Biosfera

A candidatura da Ribeira Sacra e Serras do Oribio e Courel a Reserva da Biosfera encara a recta final cara á súa proclamación oficial por parte da Unesco este mesmo ano. Así o indicou a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Ángeles Vázquez, quen visitou xunto ao delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, o miradoiro do Cabo do Mundo, no concello lucense do Saviñao, desde onde se pode ver unha das mellores panorámicas desta zona.

Este foi o lugar escollido para facer balance do traballo liderado pola Xunta nos dous últimos anos ata chegar ao momento actual, pendente tan só do pronunciamiento do Comité Internacional de Coordinación do programa MaB (Man and Biosphere), órgano reitor da Unesco e responsable da decisión sobre as candidaturas.

Deste xeito o explicou a conselleira, quen indicou que aínda que o acto de proclamación estaba previsto inicialmente para xuño en Nixeria, o comité español do MaB acaba de notificar que a

reunión se pospón, como mínimo, ata o final do verán.

Fondos para as reservas da biosfera

Precisamente esta foi unha das cuestións que se abordou na reunión extraordinaria do Comité español do programa MaB, celebrada telemáticamente e na que participou a directora xeral de Patrimonio Natural, Belén do Campo.

Segundo explicou a conselleira, nesta xuntanza tratouse tamén a proposta de criterios para a territorialización por comunidades das partidas asignadas para as reservas da biosfera de todo o país con cargo aos fondos europeos de recuperación económica.

Non obstante, a futura Reserva da Biosfera Ribeira Sacra e Serras do Oribio e Courel non figuraba incluída no devandito reparto, que se restrinxía tan só ás 52 reservas declaradas en España a día de hoxe, unha omisión ante a que a Xunta amosou o seu malestar e solicitou unha rectificación por parte do Goberno.

Neste sentido, a conselleira agradeceu que a proposta feita e

defendida polo Executivo galego na reunión do comité español do MaB fose finalmente apoiada por unanimidade, o que garante que e Galicia recibirá no período 2021-2023 uns fondos axeitados e acorde á dimensión de todas as súas reservas da biosfera.

De feito, subliñou que a próxima proclamación da que será a sétima Reserva da Biosfera da Comunidade suporá unha boa nova para a Ribeira Sacra e tamén para toda Galicia. Así, lembrou que coa súa incorporación, a superficie catalogada con este recoñecemento internacional incrementárase ata chegar case ao 35% de todo o territorio galego; pero tamén suporá que o 42% de Galicia quede amparado baixo algunha figura de protección, afianzando o recoñecemento á riqueza do noso patrimonio natural en todo o mundo.

Tripla coroa da Unesco

Ángeles Vázquez incidiu en que será un recoñecemento clave para este territorio, que se estende por 18 municipios da provincia de Lugo e 5 da de Ourense, unidos polo seu alto valor paisaxístico e



Miradoiro Cabo do Mundo no Concello do Saviñao.

cultural en común e a súa aposta decidida por un desenvolvemento sustentable. Ademais, lembrou que permitirá subir outro chanzo para seguir avanzando cara ao ambicioso obxectivo que se fixou a Xunta: conseguir a tripla coroa da Unesco para a Ribeira Sacra.

Desde abril do ano 2019 este territorio ostenta o título de Xeo-parque Montañas do Courel –o único deste tipo que hai na Comunidade e que, de forma paralela aos traballos desenvolvidos para impulsar a súa candidatura a Reserva da Biosfera, a Consellería de Cultura lidera tamén unha proposta para que sexa recoñecido pola Unesco como Patrimonio Mundial.

A Xunta pon en marcha en 2019 do Plan de Acción Estratéxico para a Ribeira Sacra, que con-

templa ata 10 actuacións ambientais e de ordenación do medio físico nesta zona, cun orzamento de 3,5 millóns de euros e que beneficiará a unha trintena de concellos.

Entre os últimos avances e os principais fitos acadados no marco deste plan, Ángeles Vázquez subliñou o Pacto pola paisaxe, asinado a finais de 2020 e do que moi pronto se poderá presentar o documento definitivo; o Plan de acción da paisaxe, actualmente en fase de información pública; ou a ARI supramunicipal da Ribeira Sacra, declarada o ano pasado e na que se abriu a finais de marzo unha nova convocatoria de axudas para rehabilitar vivendas, aínda en prazo para a presentación de solicitudes aínda aberto.

A alcaldesa de Lugo participou no Congreso Nacional de Medio Ambiente

A marca de cidade sostible que está a proxectar Lugo cara ao exterior “nos reforza non só como un municipio innovador na renovación urbana senón tamén como un polo de atracción para a implantación de empresas vinculadas coa bioeconomía e a economía circular”. Así o remarcou en Madrid a rexedora, Lara Méndez, durante a súa participación no XV Congreso Nacional de Medio Ambiente, o maior encontro ambiental do país, que este ano de desenvolve baixo o lema ‘A recuperación que queremos’.

Na mesa onde participou Lugo, que compartiu con Salamanca, Barcelona e Madrid, a alcaldesa indicou que o traballo que se estivo a realizar nos últimos seis

anos cara unha transformación en verde está a resultar un revulsivo tamén para diversificar a economía, “porque se as cidades non traballan en ser máis resilientes na loita contra o cambio climático ao mesmo tempo que nunha nova economía, a nosa mocidade seguirá a marchar fóra na busca de oportunidades por moi agradables que convirtamos os territorios”.

No marco desde Congreso, que seleccionou a Lugo a participar por vez primeira e no que participan 1.200 expertos, a alcaldesa avanzou a Estratexia Lugo Transforma, na que o Concello mobilizará 12 millóns de euros de recursos municipais, o maior investimento económico da súa historia, para atraer a novos inves-

timentos e crear postos de traballo en empresas verdes e innovadoras, que xeren un alto valor social e ambiental.

Lugo, cidade viva

Lara Méndez explicou que esta marca verde de Lugo, “que denominamos ‘Lugo, Cidade Viva’ porque estamos en plena transformación”, se foi xerando a través dos proxectos europeos, especialmente a través do DUSI Muramiñae, “coa que estamos impulsando a rexeneración do barrio do Carme, a accesibilidade da trama urbana co río e creando novos equipamentos para o benestar social e o turismo”, e do LIFE Lugo+Biodinámico, “estratexia innovadora nun urbanismo sostible a través da madeira de Galicia como elemento construtivo



Intervención de Lara Méndez, alcaldesa de Lugo.

cara a conseguir tecidos urbanos resilientes, neutros en carbono e adaptados ás consecuencias e efectos do cambio climático”.

Dos proxectos presentados por Lugo, os que xeraron maior expectación no Congreso foi o edificio Impulso Verde xa que a súa construción en madeira de Galicia certificada 100% permite un aforro enerxético dun 74% e unha redución do 95% de emisións de CO2, o que o converte nun referente na loita contra o cambio

climático, así como o barrio multiecolóxico, o primeiro de España, no que se multiplicarán por cinco os espazos verdes e públicos respecto ao PXOM, por dous os equipamentos e impulsa a vivenda pública, ao destinar o 45% das mesmas. Lara Méndez definiu o barrio “como aldea urbana”, porque “a súa concepción sostible busca tamén maiores relacións interxeracionais e entre a veciñanza, así como cambio nos hábitos de vida”.

O Presidente do Goberno apoia a candidatura da Ribeira Sacra a Patrimonio Mundial

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, mantivo un encontro co Presidente do Goberno, Pedro Sánchez, no marco da Feira Internacional de Turismo (FITUR). A candidatura da Ribeira Sacra a Patrimonio da Humanidade centrou a xuntanza entre ambos, que, logo da presentación do Pasaporte Verde Covid, percorreron xuntos diferentes expositores de FITUR. Durante o percorrido, no que visitaron os postos de Paradores e o da Rede de Destinos Turísticos Intelixentes (RDTI), Sánchez amosou o seu respaldo á campaña que comezou a impulsar no 2011 a institución provincial para que este territorio reciba o recoñece-

mento da UNESCO.

Na comitiva participaron tamén as ministras de Industria, Comercio e Turismo, Reyes Maroto, e de Sanidade, Carolina Darias, así como diferentes alcaldes da provincia. O Presidente da Deputación tamén tivo ocasión de compartir impresións co Ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, Luis Planas.

José Tomé asistiu a FITUR xunto á deputada de Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, onde mantiveron unha intensa axenda de reunións e actividades ao longo das dúas xornadas con tres obxectivos fundamentais: a promoción da provincia a través dun turismo de calidade, sostible

e non masificado coas diferentes rutas xacobeas que percorren Lugo como eixo central, o establecemento de contactos con representantes institucionais e profesionais vinculados ao sector para acadar maior visibilidade e a detección de tendencias dos viaxeiros e novas oportunidades no contexto xerado pola pandemia da Covid.

Promoción provincial

Os responsables provinciais participaron, ademais de no acto da campaña da Deputación Lugo, la provincia es tu Camino, na campaña da Mancomunidade da Mariña lucense Vuelve a encontrar el norte. Visita A Mariña. Tomé Roca e García Porto asistiron tamén a presentación de Lugo, ci-



José Tomé á esquerda de Pedro Sánchez.

dade viva, do Concello de Lugo; ao acto da campaña do Clúster Turismo de Galicia; á presentación dunha nova edición do Salón Xantar; ao acto da campaña da Asociación Provincial de Empresarios de Hostalería e Turismo de Lugo (Apehl); á presentación de Termatalia; á presentación do xeo-destino Terras de Burón; ao acto da campaña do Consorcio de Tu-

rismo da Ribeira Sacra; e á presentación da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia.

O mandatario provincial tivo, entre outras, xuntanzas co secretario de Estado de Turismo, Fernando Valdés, co presidente de Paradores, Óscar López Águeda, e co presidente de Correos, Juan Manuel Serrano.

Primeiro paso de peóns intelixente para maior seguridade de ciclistas e peregrinos

Lara Méndez, alcaldesa de Lugo, supervisou pola noite o acendido do primeiro paso de peóns intelixente lumínico de Lugo. O mesmo mellora a seguridade dos peóns e dos ciclistas, xa que por esta vía se está a executar o carril bici, así como dos peregrinos, porque une os tramos do Camiño Primitivo que atravesaba esta avenida e que cortaba a medianera.

O sistema elixido advirte aos condutores do paso de peóns con placas de luz brancas LED implantadas no asfalto, que se acenden só cando cruzan as persoas. Actívese de noite ou cando hai pouca luz diúrna, para evitar a contaminación lumínica permanente. Ademais, avisa aos ciclistas do paso de peóns, neste caso día e noite de maneira constante, con bandas de luz vermellas implantadas no mesmo carril bici. Tamén se accionan as sinais verticais luminosas, que complementan ás sinais que están a ras de chan.

"Con esta intervención aumen-



O paso de peóns na Rolda do Carme.

tamos a seguridade e protexemos á cidadanía nun espazo que agora é un risco, especialmente para os peregrinos. Estamos a falar dunha zona cun alto valor patrimonial debido á súa concorrencia co traxecto do Camiño Primitivo e pola proximidade que mantén coa Muralla e co Casco Histórico, e non podemos esquecer que se trata dun emprazamento transitado e turístico co con gran potencialidade no Xacobeo 2021", sinalou a alcaldesa.

A obra está incluída no proxecto de mellora, humanización e sinalización do Camiño Primitivo e da Vía Romana XIX ao seu paso polo barrio do Carme, intervención na que se invisten 280.000 euros. O proxecto enmárcase na estratexia do executivo de Lara Méndez, DUSI Muramiñae, cofinanciada cos fondos europeos, cuxa finalidade é integrar o Miño na cidade a través do Carme e facer así unha cidade máis verde, máis sostible e máis integradora.

A Deputación de Lugo sostén que achega á Ribeira Sacra un 50% máis que a de Ourense

A Deputación de Lugo asegura que se comprometeu a achegar unha cantidade para o desenvolvemento do Plan de Turismo Sostible da Ribeira Sacra un 50 % superior á cifra que poñerá a institución provincial de Ourense para desenvolver ese proxecto concedido polo Ministerio de Industria e Turismo.

A institución provincial lucense recoñécese "sensible" coa solicitude dos municipios que forman a Ribeira Sacra e por iso, asegura, comprometeuse co presidente do consorcio para achegar unha axuda económica para levar a cabo devandito plan e "aliviar desa forma a achega" que terían que realizar as entidades locais.

De feito, detalla que se comprometeu a poñer 81.000 euros, "un 50 % máis de fi-



Vista do río Sil desde o miradoiro de Cadeiras (Sober).

nanciamento" que a outra "deputación implicada", a de Ourense, que "achegará 54.000 euros, segundo os datos facilitados polo Consorcio da Ribeira Sacra".

"Esta axuda extraordinaria da Deputación de Lugo supón un 40.5 % da achega que teñen que realizar os concellos, que asumen un investimento de 200.000 euros, sobre un total de 2 millóns" de investimento previstos neste proxecto.

As Nogais, Becerreá, Baralla e O Corgo queren recuperar o itinerario medieval a Compostela

Lara Méndez, alcaldesa de Lugo, reuniuse co resto dos alcaldes e representantes municipais dos concellos polos que transcorre a Vía Küning (As Nogais, Becerreá, Baralla e O Corgo) para avanzar nas melloras deste camiño de peregrinaxe co fin de poñer en valor esta ruta.

Neste encontro déronse novos pasos segundo o marcado polo convenio asinado o pasado ano co fin de acadar unha maior proxección deste itinerario, unha variante medieval do Camiño Francés ao seu paso pola provincia, que aspira a ser recoñecido oficialmente como roteiro xacobeo.

Na reunión, celebrada no concello de As Nogais, se acordou nomear como presidente da comisión de seguimento deste convenio ao alcalde de As Nogais,



Reunión dos alcaldes en As Nogais.

Jesús Núñez, e ao historiador e director do proxecto, Javier Gómez Vila, como director técnico do mesmo.

A través deste convenio se impulsarán actuacións especialmente importantes para a posta en valor desta vía, como a creación da cartografía dos traxectos. Tamén se acometerá a limpeza dos mesmos e reforzase a súa promoción.

A alcaldesa de Lugo lembrou que “esta colaboración será o eixo coordinador de todas as iniciativas en torno a Vía Küning, pero servirá, ademais, para fomentar o seu estudo e investigación co fin de avanzar na recuperación deste itinerario xa que a riqueza natural, cultural e patrimonial que posúe será un revulsivo económico para todos os concellos”.

Héctor Salvador, o primeiro español en descender á Foxa das Marianas



Héctor Salvador e Javier Arias.

O delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, mantivo un encontro co enxeñeiro aeronáutico lucense Héctor Salvador, quen vén de converterse no primeiro español en descender a un dos lugares máis fondos do mundo, a foxa das Marianas. Baixou ao abismo da Serea, a 10.706 metros de profundidade, a bordo dun submarino que el mesmo contribuíu a desenvolver.

Arias felicitou a Salvador, de 37 anos, e salientou que a misión

na que acaba de participar representa “un fito para a ciencia e tamén para a provincia de Lugo, xa que a súa traxectoria é un exemplo de talento e formación que destaca a nivel mundial en ámbitos de enorme competencia e cualificación”. De feito, o delegado resaltou o importante papel que xogou o enxeñeiro lucense no deseño do batiscafo que descendeu ás profundidades mariñas e puxo en valor o seu talento para impulsar esta industria en España.

A Asociación de Esclerosis Múltiple edita un libro para nenos

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade distribuirá entre os centros educativos de Lugo o libro “As visitas de Escler a mamá”, un conto infantil escrito e ilustrado por mulleres con esclerose múltiple dentro do proxecto literario Emcreativo, escola de escritores, da Asociación Lucense de Esclerosis Múltiple (ALUCEM),

Representantes da entidade entregaron na Delegación Territorial da Xunta en Lugo os 200 exemplares adquiridos, nun acto no que participaron o delegado territorial, Javier Arias; o editor e traballador social da entidade, Alejandro Robledillo; María Varela, unha das autoras; a ilustradora, Estefanía Fernández, e a presidenta de ALUCEM, Rachel Yasmin Feliciano, entre outros.

O libro achega aos nenos e nenas á realidade desta enfermidade a través da historia de Juan, que imaxina a doenza como unha pequena díaña que



Presentación do conto infantil.

insistentemente visita á súa nai, polo que idea mil formas de impedir esas visitas.

A temática principal é o cambio de vida que supón para un menor que se diagnostique unha enfermidade discapacitante a alguén da súa contorna que asume funcións de coidador, se ben, segundo indican os autores, “pode enfocarse dende a universalidade”, unha metáfora sobre como unha situación sobrevida pode impedir ás persoas que exercen funcións parentais acompañar aos menores nas súas

rutinas e como asumir esa frustración.

Durante os tres anos de vida do proxecto Emcreativo, os alumnos e alumnas lograron 76 galardóns literarios tanto a nivel nacional como internacional. O proxecto en si mesmo gañou o premio Veleo da farmacéutica SanofiRes, o cal o posiciona como un dos mellores proxectos a nivel nacional sobre a enfermidade. Do seu seo naceron un total de tres novelas -Boticaria de pobo, A marcha de Anxo, Madrid 2043- e este conto infantil.

Xornada sobre o programa Erasmus



Realizaronse pequenas sesións prácticas en grupos.

Máis dunha vintena de mozos e mozas participaron na xornada sobre o programa Erasmus+ celebrada na Delegación da Xunta e promovida polo Grupo de Desenvolvemento Rural (GDR) da comarca de Lugo. O delegado territorial, Javier Arias, asistiu ao acto de presentación xunto cos alcaldes de

Friol e Guntín, José Ángel Santos e María José Gómez, e o relator, Antonio Versace.

Versace, consultor de proxectos europeos e informador xuvenil, ofreceu pautas e consellos concretos para elaborar un bo proxecto que poida resultar seleccionado e financiado no marco do programa.

Axudas para conservación e rehabilitación de inmobles na Ribeira Sacra

Gabriel Alén, delegado da xunta en Ourense, reuniuse con alcaldes e técnicos dos doce concellos ourensáns que forman parte da Área de Rehabilitación Integral (ARI) da Ribeira Sacra para invitalos a que informen aos seus veciños das axudas que a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda destinará este ano a promover a conservación e a rehabilitación dos inmobles existentes dentro deste ámbito, por un importe global de 850.000 euros.

Gabriel Alén transmitiulle aos alcaldes de Castro Caldelas, Chandrea de Queixa, Esgos, Manzaneda, Montederramo, Nogueira de Ramuín, Parada de Sil, A Peroxa,

A Pobra de Trives, San Xoán de Río, A Teixeira e Xunqueira de Espadanedo a necesidade de animar aos cidadáns a optar a esta liña de subvencións públicas, á que poden acollerse aínda ata o vindeiro 30 de setembro. O obxectivo dos distintos programas de rehabilitación dirixidos a particulares, comunidades de veciños e administracións locais é mellorar a patrimonio edificatorio da Comunidade galega.

En concreto, o pasado 22 de marzo convocáronse as axudas financiadas ao abeiro do Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan 2018-2021 correspondentes á xa mencionada ARI da Ribeira Sacra (850.000 €), á ARI dos Camiños

de Santiago (1,3 M€) e á ARI das Illas Atlánticas (32.000 €). O prazo para presentar solicitudes ao abeiro destes tres programas remata o 30 de setembro.

Tres ARI supramunicipais

O IGVS xestiona directamente as tres áreas de rehabilitación integral de carácter supramunicipal declaradas na Comunidade e que son as xa mencionadas ARI dos Camiños de Santiago (na que se integran un total de 126 concellos), a das Illas Atlánticas (catro entidades locais) e a da Ribeira Sacra (25 municipios).

As actuacións subvencionables que se poderán levar a cabo nestes ámbitos son obras e traballos de mantemento en vivendas unifamiliares e edificios, mesmo



Reunión en Ourense cos alcaldes afectados.

no interior, a fin de adecualos para o seu uso residencial, e obras de demolición de edificios e vivendas para promover outras de nova construción.

Os beneficiarios desta liña de axudas serán persoas físicas propietarias, comunidades de persoas propietarias, agrupacións de propietarios, Administracións públicas

ou titulares dunha concesión – só no caso da ARI das Illas Atlánticas-. Así, os solicitantes poderán recibir ata 4.000 euros por cada vivenda obxecto de rehabilitación, contía que se incrementará en 1.000 euros máis sempre e cando os traballos executados se adapten ás recomendacións da Guía de cor e materiais.

Expourense presentou en FITUR Xantar e Termatalia



Expourense presentou as súas dúas feiras internacionais.

Expourense, recinto feiral de Ourense, acadiu un ano máis a FITUR Madrid para presentar as súas dúas feiras internacionais vinculadas ao turismo: Xantar e Termatalia. Ambas as citas poñerán en marcha distintas accións profesionais enmarcadas no dobre Ano Santo Xacobeo 2021-2022. Tanto Xantar como Termatalia son dúas das cinco feiras internacionais de Turismo que se celebran no noso

país e que están ratificadas polo Goberno de España.

Estas presentacións no marco de FITUR- Madrid foron o primeiro acto público do novo director xerente de Expourense, Rogelio Martínez González, que tomou posesión do cargo hai uns días. Martínez estivo acompañado nestas presentacións por representantes da Xunta de Galicia e doutras entidades estreitamente vinculadas a estes proxectos. A estes

actos acudiron representantes políticos como senadores, presidentes e vicepresidentes de deputacións provinciais e alcaldes. Tamén participaron profesionais como operadores de turismo especializados en gastronomía o turismo de saúde, empresarios vinculados aos balnearios, representantes da Sociedade Internacional de Hidrología Médica e numerosos medios de comunicación nacionais e internacionais.

Rogelio Martínez González é o novo director xerente de Expourense



Onovo director xerente desde a súa etapa anterior a este nomeamento, estivo sempre vencellado ás actividades organizadas por Expourense, en especial, con aquelas relacionadas coas potencialidades do territorio ourensán como o turismo enogastronómico ou o termalismo. Leva xa varias edicións formando parte dos comités de expertos que organizan as dúas feiras internacionais insignia desta Fundación: Xantar e Termatalia.

Rogelio Martínez conta cunha dilatada traxectoria profesional que comezou en 1979 cando foi elixido alcalde de Arnoia, concello

ourensán ubicado en pleno corazón do Ribeiro, cargo no que estivo 30 anos. Tamén foi vicepresidente da Deputación de Ourense durante 18 anos e posteriormente foi tamén delegado territorial da Xunta de Galicia en Ourense, postos dende o que traballou, sobre todo, para impulsar o sector primario ourensán apoiando accións que implicasen a súa saída ao mercado internacional e o aumento da súa capacidade innovadora.

Rogelio Martínez chega a Expourense co reto de contribuír á reactivación do tecido empresarial ourensán logo da pandemia e de dirixir un recinto referente en Galicia.

A XI edición do Festival Internacional de Xardíns de Allariz está en marcha

O Festival Internacional de Xardíns de Allariz celebra neste 2021 a súa XI edición. Abríronse as portas dos Xardíns da Poesía que, ata finais do mes de outubro, ofertará unha variada exposición de xardíns efémeros.

Á poesía é a temática desta edición do Festival, o cal está localizado nun recinto axardinado as beiras do Río Arnoia de case 40.000 m².

Logo da paréntese do 2020, o Festival lucirá unha fermosa mostra de parcelas ideadas por paisaxistas chegados dende Galicia, o resto da península e diferentes puntos do mundo coma Arxentina, China Italia, Colombia, Portugal ou Alemaña.

Nesta ocasión terán gran protagonismo figuras das letras coma Rosalía, Pessoa, Federico García Lorca, Machado e Emily Dickinson entre outros. Tamén estará presente Xela Arias, a homenaxeada polo Día das Letras Galegas 2021, no xardín dos centros educativos

de Allariz.

O Festival Internacional de Xardíns de Allariz é un gran proxecto multidisciplinar que tenta achegar á cidadanía o gusto pola natureza e a paisaxe a vez que tenta concienciar sobre o coidado do medio ambiente e da súa importancia nos nosos días. Un espazo ao aire libre onde ano tras ano podemos atopar 10 parcelas en concurso e disfrutar da parcela dos centros educativos de Allariz e o xardín gañador da última edición (adicada ao cine) “Sé o heroe da túa propia película” que nesta ocasión coincide co fallo da Asociación Española de Xardinería que destaca ao gañador polas súas características conceptuais, botánicas e de sostenibilidade.

Ademais neste 2021 dende o concello pretendese que todo Allariz respire poesía, pondo en marcha varias iniciativas. Por un lado un concurso de escaparates no comercio local no que a poesía e a xardinería son os temas prin-



cipais a integrar. Por outra banda a semana que ven, comezará unha acción promocional ca hostalería, por medio de azucariños ca imaxe do festival e cun poema do poeta allaricense Carlos Da Aira, que se servirá en todos os establecementos da vila.

Do mesmo xeito, estase a valorar unha serie de actividades no recinto do Festival, coma un

lugar máis para a celebración de actividades culturais ata o seu peche en outubro, tanto as relacionadas coa poesía coma con outras disciplinas coma a música ou a danza.

Coma novidade este ano, os visitantes poderán elixir o seu xardín favorito a través dun sistema de votacións de códigos QR que se lle facilitará ca entrada

no recinto.

As persoas que se acheguen a Allariz poderán visitar o recinto de luns a venres das 17:00 ás 21:00h e sábados, domingos e festivos de 11:30 a 14:00h e de 17:00h a 21:00h. Este horario manterase ata o 14 de xuño, pasando a ampliarse o horario a partir dese día, de luns a domingo mañá e tarde.

Un selo postal no Liceo e festival poético en Loiro para Xela Arias

A Sociedade Filatélica e Numismática Miño presentou no Liceo de Ourense o selo da poeta Xela Arias. O presidente da entidade, José Barros, explicou que era un selo único que fai homenaxe a unha ilustre da cultura galega. A Sociedade Filatélica homenaxea os grandes poetas galegos e os principais selos que fan referencia a eles, coa colaboración de escolares e diferentes personas de forma individual. En concreto a exposición percorre a cultura galega e en particular, grazas aos estudantes do colexio Cardenal Cisneros, que con orixinalidade fixeron diferentes relatos.

Na Praza Maior de Ribadavia

realizouse unha lectura dos textos da poetisa. En Xinzo montouse un mercado de libros en galego, cun 20 % de desconto, e mozos e maiores disfrutaron dun espectáculo orixinal de “Xarope Tulú”. Dramaturxia e narración oral danse a man en “De ti e mailo mundo que apañes” co fin de presentar a figura de Xela, facendo un percorrido pola súa vida e pola súa obra. Este espectáculo tamén chegou ao Barco de Valdeorras.

En Barbadás, nenos e maiores disfrutaron coa actuación do grupo Especialistas Hípica Celta, que interpretaron o espectáculo Xela Arias fala coa natureza. O colectivo “Loiro na Memoria” uniuse a

esta conmemoración misturando a música tradicional galega coa obra da sarriana Xela Arias.

En A Rúa o festexo estivo en mans da agrupación Abertal, composta polos alumnos da escola de música e baile tradicional do municipio. Os xoves intérpretes valdeorreses realizaron un pasarrúas polo centro do pobo, que rematou cun acto de homenaxe na Praza do Concello. Alí tampouco faltou a música nin a tradición, que puxeron as actuacións da banda de gaitas, do grupo de baile e das pandeireteiras.

Na Insua dos Poetas, organizada pola Deputación de Ourense e o Concello de O Carballiño, actuou o grupo 4 Mal Quartet no



Público no recital poético de Loiro na Memoria (Barbadás).

parque da Esgueva, do que disfrutaron decenas de carballiñeses e foráneos. Os poetas Rochi Novoa e Quico recitaron os versos de Xela Arias.

En Celanova actuou a Banda de Música coa colaboración da cantante Belén Monís e do gaitero José Nabor Gómez, no mosteiro.

En Allariz, presentaron o espectáculo Novinha as artistas María Mendoza e Nate Borrajo.

Á aldea de Santa Baia de Montes, en Cualedro, Xosé Lois Foxo, director da Banda de Gaitas de Ourense, gravou ás cantareiras que aínda quedan no lugar. Margarita Fernández, de 99 anos, Basilia Sotelo, de 80, e Justo Ferreiro, de 76, cantaron mentres fixeron soar as clásicas latas de pimentón, unha forma popular de facer música, e cantaron no día adicado a Xela Arias.